

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Anuncio de aprobación inicial de desafectación de bens de dominio-servizo público: Escola de Boebre, Grupo Escolar Vizús-Centroña e Grupo Escolar de Vilar-Campolongo.

CONCELLO DE PONTEDEUME

Anuncio de aprobación inicial de desafectación de bens de dominio-servizo público: Escola de Boebre, Grupo Escolar Vizús-Centroña e Grupo Escolar de Vilar-Campolongo.

O Pleno do Concello de Pontedeume en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2017 adoptou o acordo relativo á desafectacións de bens de dominio-público, que se transcribe, en síntese:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a mutación demanial da Escola de Boebre e do Grupo Escolar Vizus-Centroña, coa natureza xurídica de ambas de Dominio Público-Servizo Público, afecto ata este momento ao uso Educativo-Docencia modificando o mesmo a medio da tramitación do presente expediente para ser destinadas a uso social.

...//...

TERCEIRO. Unha vez obtida a autorización antedita, acumular o procedemento actual co instruído en relación co Grupo-escolar de Vilar-Campolongo, que obtivo a autorización para o mesmo fin con data 15/02/2017 e publicar conxuntamente ambos procedementos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Pontedeume, polo prazo dun mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamación e estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello [dirección <https://www.pontedeume.gal>].

CUARTO. Considerar aprobado definitivamente o Acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacions o reclamacions ou no seu caso, con novo Acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

...//...”

O que se publica aos efectos de dar cumprimento ao trámite de exposición pública contido no dito acordo.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume, a 28 de decembro de 2017.

2017/11108